

RESOLUCIÓN reitoral do 7 de abril de 2025 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

Aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

ANEXO

Cursos extensión 2025- Solicitudes admitidas definitivamente a trámite – Campus de Ourense

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D
Xosé Ramón Campos Álvarez	Ourense no tempo: historia, arte e Tradicións (III)
Manuel Diz Folgar	De Novato a Greek: IoT para o teu fogar en tempo récord
David Fernández Calviño	O mundo dos cogomelos
Luis Fernández Couñago	Git e GitHub: control de versións e colaboración en desenvolvemento de software
Jesús Deibe Fernández Simo	Recursos socio-educativos e metodoloxías activas para transformar a educación
Miguel Anxo Fernández Fernández	Audiovisual galego. Traspasando fronteiras
María Fernández González	Retos actuais e futuros na conservación da biodiversidade
María Lameiras Fernández	A construción sociocultural no amor romántico
José Luis Legido Soto	Termalismo: descubrindo Extremadura, Portugal e Galicia
Breogán Riobóo Lois	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas